

A FILOSOFÍA MORAL COMO HERDANZA E COMPÁS VITAL. DÚAS HISTORIA FAMILIARES.

Torrón Vázquez, Rubén Manuel
rubenmanuelltorronvazquez@gmail.com

Graduado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Avogado.

AGRADECEMENTOS

Nada do que se poderá ler nas liñas posteriores sería posible se os meus devanceiros non me houbesen transmitido un determinado conxunto de valores que me servisen de compás para orientarme no meu desenvolvemento como persoa. Do mesmo xeito, estou en débeda con todos eles, grazas ós seus esforzos puiden recibir unha formación regrada e dispor do tempo libre necesario para poder seguir aprendendo a diario. Para os que poden lelo ou escoitalo e tamén para aqueles que o poden sentir na forza que estas palabras zumegan, estas verbas son para vós.

RESUMO

Quixera que este breve texto nos servise para rescatar das gadoupas do tempo varios elementos. O primeiro deles é moi simple, tratarei de describir dous episodios históricos (moi separados no tempo) que pertencen ás biografías dunha avoa e seu neto, ámbolos dous, corgueses, do Rego, na parroquia de San Cosme de Manán.

Este primeiro elemento, que poderíamos chamar histórico, permitíranos botarlle unha ollada a un problema que non é, polo menos non soamente, un problema histórico senón tamén (e fundamentalmente) un problema filosófico. Con este xeito de proceder o que se pretende é demostrar que determinados aconteceres vitais interrógannos directamente sobre cuestións tan importantes (e difíciles) que levan provocando a reflexión filosófica durante milleiros de anos.

1. LIMIAR

Cómpre botar unha ollada agora entón ao relato dese primeiro elemento que tiñamos ocasión de mencionar liñas enriba. Comezamos co episodio histórico que corresponde á biografía do neto. Os feitos, sen dúbida, poden analizarse dende ópticas

distintas. Pero xa dixemos que nós tentaríamos seguir o fío da perspectiva filosófica, máis en concreto podemos xa adiantar que o tratamento será dende o punto de vista da filosofía moral.

2. HISTORIA E FILOSOFÍA DA BIOGRAFÍA DO NETO

Imos pois co relato dos feitos. Resulta que unha tarde prodúcese na vila de Sarria un corremento de terra nunha obra, polo cal queda atrapado un traballador baixo unha masa de ferro, auga e barro. Ante o acontecido procédeuse a comunicar a fatalidade ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (FFCCSE, en adiante), bombeiros e persoal sanitario de urxencia. Dende unha óptica legal o marco de actuación está moi claro; as FFCCSE teñen a obriga de intervir. Así o contempla o artigo 5.4 da Ley Orgánica 2/1986, de Forzas e Corpos de Seguridade indicando que *“no exercicio das súas función, deberán actuar ca decisión necesaria, sen demora, cando diso dependa evitar un dano grave, inmediato e irreparable”*. Moi ben, o esquema parece claro, existe unha obriga legal de intervir, e a morte dun cidadán parece que reviste bastante ben os caracteres de “dano grave, inmediato e irreparable”.

Hai, con todo, un problema moi grave. As normas xurídicas, que para facilitar o símil vamos chamar leis, son ben diferentes a esas outras leis da natureza, como a lei da gravidade, as da termodinámica etc. Nas leis naturais o esquema é o que sigue “Se A, entón B, se deixo caer unha botella de vidro dun 5º piso, entón cae e rompe”. Pero as leis xurídicas non operan deste xeito, senón deste outro “Se A, entón *debe ser* B”. Existe como vimos unha obriga de intervención, vencellada a que se dean unhas certas condicións na realidade, iso é o que significa “se A”, e no noso caso “A” é precisamente ese dano grave, inmediato e irreparable. A ese conxunto

de condicións chamámoslle suposto de feito, e cando se certifica que existe, entón chega a consecuencia xurídica, que debe ser B, no que nos ocupa a nós, tradúcese en que as FFCCSE deben actuar. A diferenza da botella, *deben intervenir*, pero ningunha lei xurídica ten o poder de determinar un comportamento como o fai a lei da gravidade. Os xuristas, ademais, empeñámonos en facer unha cousa que se chama interpretación das leis. E da interpretación do artigo antes mencionado a xurisprudencia deixou claro que hai un deber de intervenir, pero non un deber de *sacrificio irreflexivo*, a lei non pode esixir un sacrificio extremo da vida. Coido que a non intervención destes grupos poido deberse moito máis a unha emoción moi humana, o medo, e non ao coñecemento expreso da doutrina xurisprudencia sobre a Lei Orgánica antes mencionada. Dicía Manuel Atienza, catedrático de Filosofía do Dereito da Universidade de Alicante, que o Dereito non podía nunca dar cumprimento a todas as esixencias da moral, que tan só tiña que estipular as condicións para que a moralidade fose posible.¹

Chegamos agora a un punto de inflexión decisivo, se a Lei non obrigaba a intervenir, por que motivo o neto da nosa historia, se viu dalgún xeito impulsado a actuar? Coido que tivo que ser polas esixencias dunha lei que transcende a lexislación vixente nun Estado concreto nun momento histórico determinado, viuse interpelado polos mandatos dunha lei moral.

A moral, como conxunto de regras sobre o comportamento humano, tivo ao longo da historia diversas formulacións, pero as anécdotas biográficas dos nosos protagonistas lévannos a pensar na visión clásica sobre a moral, a que substancialmente compartían Sócrates, o seu discípulo Platón e Aristóteles.

Nun resumo moi apertado diríamos algo así como que a ecuación fundamental do pensamento moral socrático é que o ben é igual a felicidade, polo tanto, actuar conforme as virtudes (como a valentía ou

a xustiza) proporcionaría a quen ostentase tales calidades de carácter (as mencionadas virtudes) a felicidade. Con todo, o tema principal de todos os diálogos socráticos, a pregunta fundamental que recorre todo o seu pensamento e a seguinte: e mellor cometer inxustiza ou padecela? Sócrates opina que é moito peor cometer inxustiza dado que quen actúa dese modo perde a súa dignidade, aquilo polo que merece a pena vivir. Polo tanto, non sería posible deste xeito ser feliz sen ser virtuoso. Do mesmo modo, Aristóteles dicíanos que a felicidade é unha determinada actividade da alma conforme a virtude. Queda polo tanto establecido para a filosofía grega clásica que non é posible ser feliz sen obrar ben, e que cando se actúa de forma contraria á virtude o que se perde e aquilo que é condición da verdadeira felicidade, a dignidade.

Pero que é a virtude? MacIntyre, un dos máis importantes filósofos dedicado ao estudo da ética danos una definición, en clave aristotélica, diso que chamamos virtude. Para el, a virtude concíbese como “ unha calidade humana adquirida cuxa posesión e exercicio tende a facernos capaces de lograr aqueles bens que son internos ás prácticas e cuxa carencia nos impide efectivamente lograr calquera daqueles bens”.² Pode parecer nos nun primeiro intre unha definición moi complicada, pero vamos a tentar aplicala á nosa anécdota histórica e imos ver como se clarifica.

Diríamos entón que pertencer a un “corpo de seguridade” como os bombeiros ou as FFCCSE supón participar dunha *práctica*, é dicir, unha forma coherente de actividade humana cooperativa. Levar a cabo esta práctica pode reportar distintos tipos de bens, uns que chamaremos externos e outros (os que nos importan máis a nós) aos que denominaremos bens internos. Os bens externos serían aqueles que son continxentes á nosa práctica, poden lograrse mediante a participación nunha práctica doutro tipo e sen dúbida sempre existen camiños alternativos para obtelos. Deste xeito, bens externos á práctica de pertencer a un

¹Atienza, M. (2022). Sobre la dignidad humana. Editorial Trotta.

²MacIntyre, A. (1984). Tras la virtud. Austral.

corpo de seguridade serían, por exemplo: obter un salario, ser respectado polos membros dunha comunidade, gozar de estabilidade económica por pertencer a un corpo de funcionarios públicos, poder ostentar condecoracións etc. Semella que todos estes bens externos ben poden conseguirse por moitos outros camiños.

Porén, os bens internos precisan para a súa obtención que aqueles que levan a cabo a práctica posúan aquelas *calidades humanas adquiridas* ás que chamamos anteriormente virtudes. No caso que nos ocupa, como punto de partida, podemos considerar un ben interno aquel que a nosa Constitución contempla no seu artigo 104 “As Forzas e Corpos de seguridade terán como misión protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá”. Protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades non é unha simple declaración formal que queda moi ben nun texto legal, senón que require da observancia de virtudes tales como a xustiza ou a prudencia. A prudencia, a *sofrosine* clásica, é unha virtude humana que consiste nunha consciente utilización dos medios máis convenientes e axustados para a consecución dun fin. Polo tanto, cando a práctica o demande, cando as condicións nas que se desenrole a práctica (un corrento de terra que atrapa a un obreiro e que pon en risco inminente a súa vida) o prudente será a audacia e a anticipación, en definitiva, intervir e intentar salvar esa vida. Podemos ver como a obtención do ben interno consistente na protección dos dereitos e liberdades dos cidadáns precisa para a súa obtención da posta en xogo dunha serie de calidades persoais, as virtudes.

Queda con todo aínda por resolver a incógnita de por que se actúa. A pregunta polas causas da acción remítenos a unha cuestión filosófica fundamental, a do concepto de liberdade. No Fedón, diálogo de Platón, fala Sócrates dende a prisión, logo de ser condenado inxustamente pola asemblea dos atenienses. Dinos que el non está sentado en prisión por causa de que o seu corpo este formado por ósos e tendóns, e que os seus ósos son sólidos e teñen articulacións que os separan uns de outros, e os tendóns son capaces

de contraerse e distenderse, provocando todo este intrincado mecanismo que el este sentado en prisión. Ao contrario, asegura que “faría xa tempo que estes tendóns e estes ósos estarían en Mégara ou en Beocia, arrastrados pola esperanza do mellor, se non houbera eu pensado que e máis xusto e máis nobre soportar a pena que a cidade ordena, calquera que sexa, antes que fuxir e desertar”.³

Temos neste breve fragmento o comezo dun fío vermello que percorrerá toda a historia da filosofía e o pensamento humano, o concepto de liberdade. Tíñase organizado todo un plan para que Sócrates puidese fuxir de prisión, mais non quixo facer tal. Sócrates permanecía alí sentado porque o consideraba xusto. O ser humano, en canto que posuidor de razón, non pode dicir que actúa dun xeito determinado porque é home, galego, panadeiro, católico ou calquera outra condición ou característica, en canto ser racional debe ser libre na súa toma de decisión.

Temos agora si todo o sistema de conceptos filosóficos que nos van permitir observar o acontecer histórico-biográfico da vida do noso corgués dun xeito ben distinto. O noso veciño encontrábase en acto de servizo sendo axente dun corpo de seguridade do Estado. Ante a inacción por parte dos compañeiros doutras agrupacións decidiu emprender a labor de intentar rescatar ao obreiro sepultado, arriscando a súa propia vida, achicando auga e barro durante horas, sufrindo unha lesión permanente no seu brazo dereito. Finalmente conseguiu rescatar ao home sepultado e este último puido facer realidade o seu desexo máis grande que incesantemente lle repetía ao noso veciño, o seu salvador, soamente quería poder volver a ver á súa filla pequena.

É moi importante destacar que en ningún momento se está expresando que aqueles axentes que non actuaron incumprisen algunha obriga legal, o que se pretende evidenciar aquí non é outra cousa que, aínda que incesantemente se nos repita de

³Platón. (1988). Diálogos III. Editorial Gredos.

forma interesada que estamos a vivir nun mundo en permanente cambio e cheo de incertezas, existen aínda, e existirán sempre, uns compases que permiten orientar o noso facer no mundo, que nos aporten regras de acción válidas e que axuden a dotar as nosas vidas de sentido. A inmensa maioría destes compases foron construídos polo pensamento dos filósofos ao longo da historia, e a ética das virtudes que aquí se defendeu e o concepto de liberdade son algunhas delas.

O corgués Manuel Luís Torrón Puga tomou a decisión de salvar esa vida non pola súa condición de ser axente dun corpo de seguridade, por ser galego, home, pai ou marido, arriscou a súa vida para salvar a dun descoñecido porque o considerou xusto, no exercicio da súa liberdade decidiu actuar con prudencia, valentía e xustiza.



Manuel Luís Torrón Puga

3. HISTORIA E FILOSOFÍA DA BIOGRAFÍA DA AVOA.

Dixemos ao principio que o fío condutor serían dúas anécdotas biográficas dunha avoa e un neto corgueses. Xa coñecemos a do neto, cumpre agora coñecer a situación que viviu a súa avoa, Elena López Cela. Esta historia dáseme a coñecer

por parte de miña avoa, Mercedes Puga López. Elena era costureira de profesión, e co estalido da Guerra Civil viuse un día interpelada pola historia.

Un día chegaron a súa porta dous falanxistas solicitando que se lles bordase a insignia nas súas roupas, Elena negouse categoricamente e pediulles que se marcharan, que ela non tiña que bordar nada. Elena era unha desas tantas mulleres incrivelmente intelixentes e avanzadas ao seu tempo que debido a súa condición de muller, de clase traballadora e de española durante a ditadura franquista non puido cursar estudos regrados. Todo iso non lle impediu desenvolver un sistema de valores sólidos, exemplo do cal e a acontecemento histórico que acabamos de narrar.

A ecuación fundamental de toda a filosofía moral platónica-socrática, aquela que identifica o ben ca felicidade ponse a proba neste momento vital. Ante a solicitude de colaboración por parte dos falanxistas, Elena tiña que dar resposta á pregunta socrática fundamental, é mellor cometer inxustiza ou padecela? Ela tivo a resposta clara; aínda que a súa negativa a colaborar podía traerlle graves consecuencias, sabía ben que colaborar cos



Elena López Cela

fascistas era cometer inxustiza. Con dous mil anos de historia polo medio, Sócrates e miña bisavoa tiveron claro que a dignidade é aquilo polo que merece a pena estar vivo, e que quen comete inxustiza (e cabe pouca dúbida que apoiar o fascismo e unha inxustiza) perde a súa dignidade.

4. CONCLUSIÓNS

O propósito do artigo non é en ningún sentido facer unha apoloxía da heroicidade ou o do comportamento virtuoso da miña ascendencia. O obxectivo é moito máis importante. O que pretendo facer ver é que fronte ó discurso imperante do subxectivismo moral, da existencia dunha multiplicidade de valores, tendo "cada un os seus" o que se esconde e unha profunda crise social e antropolóxica. O ser humano racional que só se preocupa por maximizar o seu benestar individual, que foi bautizado como "*homo economicus*" polos economistas liberais dos séculos XIX e XX viuse refutado polas investigacións antropolóxicas e psicolóxicas. Fronte a esta construción mitolóxica, recórdanos Karl Polanyi⁴ que o ser humano sempre tivo unha dimensión esencialmente comunitaria, baseada nos principios da reciprocidade e a redistribución.

A sociedade que nace no século XIX (que segue sendo a nosa) aparece ligada á revolución industrial e é precisamente este feito o que implica que por primeira vez na historia da humanidade, a sociedade aparece como un elemento accesorio da economía e non ao revés. Ata este momento histórico singular, a economía fora sempre un apéndice da sociedade, e non o seu amo e señor. Deste xeito, o móbil da ganancia e o interese individual (que nin sequera eran realmente operativos no campo económico) pasaron a ser principios políticos e sociais. Este conxunto de mecanismos provocou (e sigue a provocar) a ruptura das comunidades e a ruína antropolóxica das sociedades.

⁴POLANYI, KARL. *La gran transformación*. Barcelona: Editorial Virus, 2016.

Fronte ó subxectivismo moral que entroniza o valor do individuo illado que busca unicamente o seu beneficio persoal hai que recuperar unha ética das virtudes como a que se intentou defender neste traballo. Unha ética que proporcione regras de acción baseadas nos valores da liberdade, a igualdade, a fraternidade e a xustiza; como principios irrenunciabes para manter unha comunidade humana que mereza tal nome.

Por suposto que os valores (que guían o noso comportamento) non son unha serie cerrada e que operan moito máis como unha constelación deles. Porén, a todos semella evidente que non todas as regras de acción, todos os valores son compatibles cunha vida en comunidade. Alguén pode ser inxusto, egoísta ou mentireiro; pero soamente nun mundo que entroniza o hiperindividualismo e o illamento poderá (intentar) vivir nunha sociedade que mereza tal nome. Os nosos maiores saben de primeira man que pouco pode permanecer nunha comunidade alguén que guíe os seus comportamentos baixo eses valores.

Manuel Atienza recórdanos que o dereito (a lei) e a moral están intimamente vinculados. O dereito non é soamente un conxunto de normas, é fundamentalmente unha práctica social dirixida ó logro de determinados fins e valores; a dignidade humana é aquel valor que contén a todos os demais. Entendendo a dignidade como o dereito e a obriga que ten cada individuo de desenvolverse a si mesmo como persoa (un desenrolo que admite unha pluralidade de formas, de maneiras de vivir, pero iso non implica que calquera forma de vida sexa aceptable). Ao mesmo tempo, a dignidade implica tamén a obriga en relación cos demais, con cada un dos individuos humanos, de contribuír ao seu libre e igual desenvolvemento da personalidade. Esta idea de dignidade é o fundamento da moral, porque garda dentro de si os outros dous pilares: a igualdade e a autonomía. A nosa Constitución dinos que a dignidade é o fundamento da orde política e da paz social, sendo así a base de todos os dereitos fundamentais da persoa.

A tríade de valores da Ilustración: liberdade, igualdade e fraternidade; así como a xustiza, son o punto de chegada dunha longa tradición filosófica dende Sócrates e Platón. Constitúen a herdanza común da humanidade, non son palabras baleiras de significado, son principios irrenunciáveis da existencia humana digna. Estes valores vense constantemente ameazados na nosa sociedade actual, precisamente por iso debemos defendelos máis ca nunca.

A filosofía, é unha (senón a mellor) ferramenta de emancipación humana que podemos ter. Unha ollada filosófica ós fenómenos que ocorren no noso entorno, unha conversa atenta cos nosos avós e avoas, ou simplemente practicando a acción que deu orixe a filosofía, a quietude, a

contemplación e o asombro ante o que sucede, pode quizais proporcionarnos unha saída a este mundo que parece estarse a volver tolo.

BIBLIOGRAFÍA

ATIENZA, Manuel. *Sobre la dignidad humana*. Madrid: Editorial Trotta, 2022.

MACINTYRE, Alasdair. *Tras la virtud*. Barcelona: Editorial Austral, 2013.

PLATÓN. *Diálogos III*. Madrid: Editorial Gredos, 1988.

POLANYI, Karl. *La gran transformación*. Barcelona: Editorial Virus, 2016.